



# FEPLAC

*Federación de Empresarios Productores de Lácteos*  
G-15707839

Dende Feplac-Galicia condenamos rotundamente os actos de violencia perpetrados no día de onte contra empresas lácteas, consistentes, entre outros, en derrame de leite de cisternas, pintadas, insultos e ameazas. Esta asociación, mantendo o seu criterio habitual, censura este xeito de actuación contrario a búsqueda de acordos e entendemento entre as partes.

Feplac, única formación composta exclusivamente por gandeiros produtores de leite, é sabedora de que estamos a sufrir unha difícil situación neste momento, xa que o encarecemento dos cereais, abonos, combustibles, etc. xunto coas baixadas repentinas do precio do leite, que nalguns casos alcanzou o 25%, fixo que o custo de producir leite hoxe sexa desproporcionadamente superior a de fai un ano. Nembargantes, esta lamentable crise económica non debe dar cabida á violencia, física ou verbal, no ben entendido de que os enfrontamentos entre produtores e industrias non favorecen o clima de entendemento desexable nunha relación económica na que ambas as dúas partes se necesitan.

Debemos lembrar que Feplac foi a primeira asociación en informar aos gandeiros da ameazante crise económica que se aveciñaba, convocando movilizacións que deberan desenvolverse sempre dentro dun marco de legalidade, sen permitir baixo ningunha excusa que as protestas se tinxisen de actos vandálicos; e solicitando a nosa presenza nos foros de debate. Tanto na convocatoria das protestas coma na solicitude de participación nos foros oportunos, as organizacións sindicais negáronnos todo signo de solidariedade e rexeitaron toda posibilidade de chegar a acordos conxuntamente.

Ousamos dicir que algúns sindicalistas son responsables directos do fracaso das negociacións e da falta de unión no sector produtor lácteo, así coma da desinformación aos gandeiros, o que é absolutamente contrario a defensa dos seus intereses. Isto repercute negativamente nos produtores, que sofren as represalias das industrias con estrepitosas baixadas do precio do leite e mesmo a negativa da recollida do mesmo. Sen xustificar o sometemento a chantaxe algún por parte das industrias lácteas, debemos ser libres para reclamar o que en dereito nos pertence, pero sempre dentro da legalidade e a través do diálogo.

Faise preciso matizar que aqueles que aconsellan enfrontamentos violentos nas protestas carecen de coñecemento do medio, ao moverse por obxetivos interesados que pouco teñen que ver coa produción directa do leite. Por iso, dende Feplac, onde todos somos gandeiros do leite, insistimos en pedir un foro con novos interlocutores para erradicar a crispación e buscar solucións efectivas.

Presidente de Feplac-Galicia  
Xaquín López Ares  
Tfno: 699 900 995